



Con data 28 de xaneiro de 2019 o Sr. Alcalde ditou resolución do seguinte teor literal:

### "RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO

De acordo co disposto no artigo 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e o art. 80 do Real Decreto Legislativo 2568/1986, de 23 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Funcionamento, Organización e Réxime xurídico das Entidades Locais, esta alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO.- Convocar á Sesión Ordinaria do Pleno Corporativo a celebrar o vindeiro xoves día 31 de xaneiro ás 20:00 horas, e dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria en caso de non existir o quórum esixido na primeira, no Salón de Sesións da Casa do Concello, a fin de resolver os puntos incluídos na seguinte:

#### ORDE DO DÍA

##### A) Parte resolutiva:

1º.- Aprobación, se procede, de borrador da acta da sesión anterior ordinaria nº 15/2018 de 27/12/2018.

2º.- Expediente 83/2019. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de proposta da Alcaldía, de data 21/01/2019, de aprobación de expediente de crédito extraordinario nº 1/2019 (Modificación de créditos 1/2019) financiado con anulación de crédito gasto corrente - (IKFEM).

3º.- Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de proposta de acordo formulada pola Comisión de 24/01/2019 de solicitude de rebaixa da peaxe da AP-9 e transferencia á Xunta de Galicia.

4º.- Mocións de Urgencia.

##### B).- Actividade de control:

5º.- .- Posta en coñecemento de disposicións de interese da anualidade 2018 correspondentes aos meses de xuño, xullo, setembro, outubro, novembro e decembro.

.- Posta en coñecemento de disposicións de interese correspondentes ao mes de xaneiro 2019.

6º.- Dación de conta de resolucións de Alcaldía:

De nº 2018-813 de 19 /07/2018 a nº 2018-1043 de 20/09/2018.

---

#### Concello de Tui



De nº2018-1044 de 21/09/2018 a nº 2018-1158 de 18/10/2018.

De nº 2018-1159 de 19/10/2018 a nº 2018-1310 de 21/11/2018.

De nº 2018-1311 de 22/11/2018 a nº 2018-1442 de 17/12/2018.

De nº 2018-1443 de 18/12/2018 a nº 2018-1573 de 29/12/2018.

De nº 2019 -0001 de 02/01/2019 a nº 2019 -0074 de 21/01/2019.

7º.- Dación de conta execución trimestral orzamento 2º Trimestre orzamento 2018 ao abeiro da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril.

8º.- Dación de conta informe morosidade 2º Trimestre exercicio 2018 ao abeiro da Lei 15/2010 e período medio de pago global a provedores (PMP) 2º Trimestre exercicio 2018 ao abeiro do Real Decreto 635/2014.

9º.- Dación de conta liñas fundamentais do Orzamento Xeral para o exercicio 2019.

C).- Rogos e preguntas:

10º.- Rogos e preguntas.

SEGUNDO.-Notificar a presente Resolución aos concelleiros advertíndolles que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do citado RD 2568/1986, do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

TERCEIRO.- Que pola Secretaría municipal se poña a disposición dos Concelleiros a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando a convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, no seu caso."

O que se comunica para coñecemento e efectos.

Tui, o alcalde, Carlos Vázquez Padin.

Documento asinado dixitalmente á marxe.